

ID#568



Museo
do Pobo
Galego



instituto de
estudos das
identidades

Neaño - Cesullas - Cabana de Bergantiños, 1980

Informantes: Francisco (39), Eduardo (pandeireta, 70) e Manuel (gaita, 52)

Compiladora: Dorothe Schubarth

Transcripción: Dorothe Schubarth e Antón Santamarina

Non sei quen ha de saber-e
dond' a rula ten o niño,
/: Teno na horta do cura
no máis alto carballeiro. :/
Ai la lo...

“Nena que véndelas peras
¿cántas che mandaron dar-e?”

“Para ti meu queridiño
non mas mandaron contar-e.”

Ai la la...

Carballeira de ...
heina de mandar rozare
que cando paso por ela
prívam'a vista do mare
Ai la la...

Mira Maruxiña,
mira como veño
cunha borrachera
que xa non me teño;
como m'hei de ter-e
mira Maruxiña,
veño de beber-e.

...

Carballeira de San Xusto,
carballeira de ramada,
naquela carballeiriña
perdín a miña navalla.
Ai la la...

Mira Maruxiña...

...

chámanlle remenda foles
Ai la la...



Miña nai por me casar-e
ofreceume 3 ovellas
unha xorda e outra cegha,
outra taba sin orellas.

Ai la la ...

Os dalá de riba
cando van co ghando
... a vara
e bailan o tango
e bailan o tango
e a muiñeira
os dalá de riba
non hai quen os queira.

Miña sogra cando me reñe
peta co pé no sobrado,
ela non me quere xenro
eu xa llo teño buscado.

Os dalá de riba...

Teño d'ir a mais hei d' ir-e
a San Xuan a Carballo,
olvidar a quen olvida
nunca me custou traballo.

Ai la...

Mira Maruxiña...

Árdeche o pelo morena!

San ... ta na ría
San Salvador ta na baixa,
San Paio de Paradela
é o jefe da pandilla.

Ai la...

Malpica dos meus amores
quen o rei quixo mercar-e
para comprar a Malpica
muitos cartos hai que ter-e.

Ai la le lo...

ID#568



Museo
do Pobo
Galego



instituto de
estudos das
identidades

Por ir de noite
caín na lama
por unha nena
que eu namoraba.

Se en vez de noite
fora de día
tambexaría
pro non caía.

Santo Cristo de Fisterre,
Cristo das barbas douradas
amigo das boas nenas
cando van pra touriada.
Ai la le lo...

Por ir de noite...

Hei de ir a Monte Maore,
hei de ir a vela Santiña,
heiche levar, miña nena,
heiche levar queridiña.
Ai la la...

Miña Santa Margarita,
miña Margarita Santa,
ca augha da túa fonte
curei a miña gharghanta.
Ai la la...

Miña Santa Margarita
de Monte Maior-e
que por falta do diñeiro
este ano alá non vou-e
Ai la la la...

...

Al llegar a Lavacolla
o primeiro que has de ver
es un pico y una pala
y un porrón (de agua) para beber.



Si vas a Lavacolla
mira que vas facer,
si vas a Lavacolla
non che dan de comer
non che dan de beber.

Non chas quero, non chas quero
nabizas do teu nabal-e
non chas quero, non chas quero
que me poden facer mal-e.

Que ben baila, que ben baila
a da chaquetiña nova
moito mellor bailarí
se a tivera redonda.
Ai la le lo...

Rapaza si vais
ó río a lavar
non torzas a roupa
que a podes rachar.

Aturuxo

“Rapaza que véndelas peras
¿cántas che mandaron dar-e?”

“Para ti meu queridiño
non mas mandaron contar-e.”

Ai la la...

Mira Maruxiña...

Travesei o teu liño
dábame pola cintura
non sei se é liño se é ...
badalla non ten ningunha.

Ai la la...

Rapaza si vais...

Miña sogra cando me reñe
peta co pé no sobrado,
ela non me quere xenro
eu xa llo teño buscado.

Rapaza si vas...

ID#568

Miña soghra morriu onte
enterreina no palleiro
deixeille un braciño fora
para tocar o pandeiro.
Ai la la...

Rapaza si vais...

Miña soghra morriu onte
enterreina no valado
cando paso por alí-e
chóscolle o ollo de lado.
Ai la le lo...

Rapaza si vais...



Museo
do Pobo
Galego



instituto de
estudos das
identidades